



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

Resolución sobre o calendario laboral do ano 2023 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 139/2022, do 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da Comunidade Autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia".

Á vista do que antecede, esta Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade elabora, para a provincia de Lugo, o seguinte

Calendario laboral 2023

Decláranse inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello segundo a proposta dos mesmos, as datas recollidas na táboa anexa.

Todas as empresas da provincia deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo o calendario laboral para o ano 2023, de conformidade co establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, para coñecemento e consulta dos traballadores.

Lugo, 12 de setembro de 2022.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Abadín	21/02/23	Martes de Entroido	27/09/23	San Cosme da Montaña
Alfoz	21/02/23	Martes de Entroido	31/07/23	Festa dos Chóferes
Antas de Ulla	21/02/23	Martes de Entroido	08/09/23	Virxe dos Remedios
Baleira	21/02/23	Martes de Entroido	11/08/23	San Cristóbal
Baralla	21/02/23	Martes de Entroido	28/08/23	San Vitorio
Barreiros	21/02/23	Martes de Entroido	24/08/23	San Bartolo
Becerreá	21/02/23	Martes de Entroido	14/09/23	Santo Ecce Homo
Begonte	21/02/23	Martes de Entroido	30/06/23	Festividade de San Pedro
Bóveda	01/09/23	Festividade de San Xil	15/09/23	Divino Ecce-Homo
Burela	21/02/23	Martes de Entroido	05/06/23	Luns das festas patronais
Carballedo	24/08/23	Festivo local	14/08/23	Festivo local
Castro de Rei	21/02/23	Martes de Entroido	07/08/23	Luns seguinte ao San Roque e Dulce Nome de María
Castroverde	21/02/23	Martes de Entroido	26/07/23	Sant'ago Apóstolo
Cervantes	21/02/23	Martes de Entroido	13/10/23	Festivo local
Cervo	21/02/23	Martes de Entroido	16/08/23	San Roque
Chantada	29/08/23	Festa da empanada	08/09/23	Nosa Señora do Faro
Corgo (O)	21/02/23	Martes de Entroido	05/10/23	San Froilán
Cospeito	21/02/23	Martes de Entroido	08/09/23	Nosa Señora Virxe do Monte
Folgoso do Caurel	18/08/23	Festas Patronais de Folgoso	07/12/23	Ponte da Constución
Fonsagrada (A)	21/02/23	Martes de Entroido	11/09/23	Festas Patronais de A Fonsagrada
Foz	21/02/23	Martes de Entroido	10/08/23	San Lourenzo
Friol	21/02/23	Martes de Entroido	10/07/23	Luns de Santa Isabel
Guitiriz	21/02/23	Martes de Entroido	24/06/23	San Xoán

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Guntín de Pallares	21/02/23	Martes de Entroido	03/07/23	Luns das festas de Guntín
Incio (O)	21/02/23	Martes de Entroido	15/05/23	San Eufrasio
Láncara	21/02/23	Martes de Entroido	21/08/23	Luns de San Roque
Lourenzá	21/02/23	Martes de Entroido	28/08/23	Luns do Conde Santo
Lugo	21/02/23	Martes de Entroido	05/10/23	San Froilán
Meira	21/02/23	Martes de Entroido	16/08/23	San Roque
Mondoñedo	11/09/23	Luns dos Remedios	18/10/23	As San Lucas
Monforte de Lemos	11/04/23	Martes de Pascua	13/06/23	San Antón
Monterroso	10/07/23	San Cristovo	29/09/23	San Miguel
Muras	21/02/23	Martes de Entroido	03/07/23	San Pedro de Muras
Navia de Suarna	21/02/23	Martes de Entroido	18/09/23	Virxe das Dores
Negueira de Muñiz	21/02/23	Martes de Entroido	16/08/23	Festividade da Virxe da Veiga
Nogais (As)	21/02/23	Martes de Entroido	04/08/23	Festa do Emigrante
Ouro	12/05/23	Nosa Señora de Fátima	28/08/23	Luns de Naseiro
Outeiro de Rei	21/02/23	Martes de Entroido	03/07/23	Luns de Santa Isabel
Palas de Rei	21/02/23	Martes de Entroido	14/09/23	Ecce-Hommo
Pantón	21/02/23	Martes de Entroido	21/08/23	Festas locais
Paradela	21/02/23	Martes de Entroido	29/09/23	San Miguel
Páramo (O)	21/02/23	Martes de Entroido	09/06/23	Festas de Primavera
Pastoriza (A)	21/02/23	Martes de Entroido	18/10/23	San Lucas
Pedrafita do Cebreiro	21/02/23	Martes de Entroido	13/06/23	San Antón
Pobra de Brollón	21/02/23	Martes de Entroido	12/06/23	Día seguinte ao Corpus Christi
Pol	21/02/23	Martes de Entroido	24/08/23	Festa ao emigrante

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Pontenova (A)	21/02/23	Martes de Entroido	09/10/23	Luns das Feiras
Portomarín	21/02/23	Martes de Entroido	05/09/23	Santo Cristo das Victorias
Quiroga	20/02/23	Luns de Entroido	10/04/23	Luns de Pascua
Rábade	21/02/23	Martes de Entroido	14/08/22	Nosa Señora da Asunción
Ribadeo	16/08/23	San Roque co-patrono da vila	08/09/23	Santa María del Campo
Ribas de Sil	16/08/23	San Roque	30/10/23	Festas de San Claudio
Ribeira de Piquín	21/02/23	Martes de Entroido	24/04/23	Festividade de San Xurxo
Riotorto	21/02/23	Martes de Entroido	29/06/23	San Pedro
Samos	09/01/23	San Xullian e Santa Basilisa	10/07/23	Festa de San Benito
Sarria	24/06/23	Festivo Local	08/09/23	Festivo Local
Saviñao (O)	21/02/23	Martes de Entroido	08/08/23	Festas locais de Escairón
Sober	08/09/23	Romería Virxe de de Cadeiras	18/09/23	Festas Patronais
Taboada	21/02/23	Martes de Entroido	14/08/23	Festas da Vila
Trabada	25/04/23	San Marcos	16/08/23	San Roque
Triacastela	21/02/23	Martes de Entroido	17/08/23	San Mamede
Valadouro (O)	21/02/23	Martes de Entroido	08/09/23	Festa do Oito
Vicedo (O)	21/02/23	Martes de Entroido	07/08/23	Santo Estevo
Vilalba	31/08/23	San Ramón	01/09/23	Santa María
Viveiro	21/02/23	Martes de Entroido	16/08/23	San Roque
Xermade	21/02/23	Martes de Entroido	07/08/23	Luns de Santa María
Xove	21/02/23	Martes de Entroido	21/08/23	Festas patronais

Lugo, 12 de setembro de 2022.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2599

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

LICITACIÓN DE ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA

Por Resolución de Alcaldía núm.: 2022-0486 de data 12/09/2022 aprobase o prego de cláusulas administrativas para o alleamento por poxa pública de madeira procedente das podas efectuadas na praza da Filgueira do Concello de Bóveda.

Por medio do presente anuncio dáse a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

1. Entidade adxudicataria: Concello de Bóveda
2. Obxecto do contrato: venda de leña nun único lote
3. Tramitación: poxa
4. Orzamento base de licitación: 173,88 + IVE (TOTAL 210,39 €)
5. Obtención de información e documentación: Concello de Bóveda, Avda. Alfonso XIII, 85, 27340, Bóveda (Lugo); teléfono 982 426 006 e no perfil do contratante [Portada - Contratos Públicos de Galicia \(contratosdegalicia.gal\)](http://portada.contratospublicosdegalicia.gal).
6. Documentación a presentar e requisitos para participar: indicados no prego de cláusulas administrativas particulares.
7. Presentación das ofertas: Rexistro Xeral do Concello de Bóveda con domicilio en Avda. Alfonso XIII, 85, 27340, Bóveda (Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación **no Perfil de contratante**. Cando as proposicións se envíen por correo, deberanse xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico á dirección intervencion@concellodeboveda.com no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.
8. Apertura das ofertas: A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.

Bóveda, a 12 de setembro do 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2600

GUITIRIZ

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 LIMPADOR/A FIXO-DESCONTINUO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXPTE 228/2021.

Por resolución de alcaldía nº:2022-0717 de data 09/09/2022 acordouse:

PRIMEIRO.-Aceptar as seguintes emendas de instancias realizadas polos seguintes aspirantes excluídos:

Apelidos e nome	Causa exclusión
AmenedoServia, Pilar	Non achega DNI en vigor.
Fernández Vázquez, María Elsa	Solicitud presentada fora de prazo.
Varela España, Gabriel	Solicitud presentada fora de prazo.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

Aspirantes admitidos/as:

Apelidos e nome	Lingua exame	Exento/a proba galego
Abella Sánchez, Mónica	Galego	Si
Álvarez Rodríguez, Elena	Castelán	Si
AmenedoServia, Pilar	Galego	Si
Arias Loureiro, María Paz	Castelán	Si
Bello Varela, Josefa	Galego	Si
Fernández García, Laura	Castelán	Si
Fernández García, Melodi	Castelán	Non

Fernández Vázquez, María Elsa	Castelán	Si
García Miragaya, Mónica	Galego	Si
García Torres, Nélica	Galego	Si
Iglesias García, Josefa	Castelán	Si
Neira Palacios, Cristina	Castelán	Si
Permuy Sánchez, María Cristina	Castelán	Si
Pita Piñón, María Isabel	Galego	Si
Raposo Cabo, María Consuelo	Castelán	Si
Salgueiro Novo, José Carlos	Castelán	Non
Santamarina Porto, Lucía	Castelán	Si
TrastoyCortiñas Ana María	Castelán	Non
Varela España, Gabriel	Castelán	Si
Vázquez Bugallo, Mercedes	Galego	Non
Veiga Casal, María Carmen	Galego	Si

Aspirantes excluídos/as:

Apelidos e nome	Causa exclusión
Sánchez Villamor, Ana Belén	Non achega titulación esixida

TERCEIRO.- De conformidade coa base quinta da convocatoria art60 do TREBEP, dítase resolución coa designación dos membros do tribunal do proceso selectivo que se publicara no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e paxina web ou sede electrónica municipal, ao igual que se ditará resolución e se se publicará coa data, hora e lugar de realización das probas de selección

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 9 de setembro de 2022. A Alcaldesa ; Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2601

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CREACION DUNHA LISTA DE AGARDA PARA AS VACANTES OU AUSENCIAS QUE, NAS DISTINTAS ESPECIALIDADES DO CONSERVATORIO MUNICIPAL MESTRE IBÁÑEZ, SE POIDAN DAR.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/08/2022 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As especialidades son as seguintes:

Percusión

Trombón

Saxofón

Violín

Guitarra

Piano

Clarinete

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos 12 de setembro de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 2602

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Confecionado o Padrón de contribuíntes do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente o ano 2022, expónse ó público durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

Outeiro de Rei, 09 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2603

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2022 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos de crédito extraordinario CE 3/2022 e suplemento de crédito SC 4/2022 do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos para 2022, da seguinte forma:

Estado de Ingresos

Cap. 1	Impostos directos	3.985.082,02 €
Cap. 2	Impostos indirectos	135.000,00 €
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.369.500,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	5.104.601,97 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7	Transferencias de capital	764.321,29 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.845.137,97 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	991.900,66 €
	TOTAL	23.195.943,91 €

Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	4.956.420,21 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	7.653.715,01 €
Cap. 3	Gastos financeiros	90.000,00 €
Cap. 4	Transferencias correntes	809.856,29 €
Cap. 6	Investimentos reais	9.654.915,28 €
Cap. 7	Transferencias de capital	22.037,12 €

Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00 €
	TOTAL	23.195.943,91 €

Sarria, 9 de setembro de 2022.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2604

Anuncio

O día 09/09/2022, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-0925, aprobou as **BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE FUNCIONARIO INTERINO DE OPERARIOS DE MANTEMENTO ELECTROMECAÁNICO POR OPOSICIÓN.**

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de **10 días naturais** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE FUNCIONARIO INTERINO DE OPERARIOS DE MANTEMENTO ELECTROMECAÁNICO POR OPOSICIÓN.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir (artigo 10 do TREBEP) con profesionais que desenvolvesen as súas funcións na categoría profesional encadrada nas características da praza:

Grupo	C
Subgrupo	C2
Escala	Administración Especial
Subescala	Servizos Especiais
Clase	Técnico Medio
Denominación	Operario Mantemento Electromecánico
Sistema de selección	Oposición

2. Funcións da praza:

Os postos de traballo a cubrir corresponderán ao dos establecidos no artigo 76 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, en relación coa súa Disposición Transitoria Terceira.

As funcións principais serán as seguintes:

- Realizar, baixo as instrucións da persoa superior xerárquica, tarefas básicas de mantemento, instalación, reparación e conservación nas instalacións municipais e maquinaria, equipos, vehículos...etc. competencia deste e tarefas especializadas na rede de electricidade e iluminación municipal: tarefas de instalación, construción, mantemento e conservación das instalacións eléctricas municipais (rúas, prazas, instalacións deportivas e de calquera outra instalación municipal interna ou externa).
- Realizar as tarefas asignadas de mantemento preventivo, de acordo co procedemento establecido e comunicar as incidencias detectadas.
- Velar polo correcto funcionamento dos programas de mantemento preventivo que hai que seguir para asegurar o mellor funcionamento dos equipos de traballo, tendo en conta a programación das paradas técnicas.
- Mantén o inventario dos recambios e as relacións cos provedores dos mesmos.
- Condución de vehículos cando se requira sempre que esté en posesión do carne necesario.
- Carga e descarga de materiais.
- Coidar e manter a adecuada limpeza e posta a punto dos equipos e da maquinaria.
- Realizar nos equipos e maquinaria pequenas reparacións preventivas que resulten necesarias sempre que para a súa execución non resulte necesaria unha especial cualificación.
- Revisar as instalacións onde desenvolve o seu traballo dando conta á persoa superior xerárquica de calquera incidente que puidera existir.
- Realizar a montaxe e a desmontaxe do material requirido para a organización de eventos municipais cando se requira.
- Velar polo perfecto estado de conservación das instalacións municipais (interna ou externa) dando conta o seu responsable de calquera incidencia que poida xurdir.
- Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas necesarios para realizar o seu cometido.
- Acudir cando se requira, en caso de emerxencia ou avería, para o correcto restablecemento dos servizos públicos.
- Cumprir coa normativa vixente en relación coa prevención de riscos laborais.
- Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Servizo adscrito.

*Funcións establecidas para o posto 03.02.03 da RPT aprobada inicialmente polo Peno (BOP 30/08/2022)

3. Réxime normativo:

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenvolvemento do proceso selectivo:

- a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Titulación académica: Posuír o título de Técnico Medio en Mantemento electromecánico (Decreto 115/2013) ou equivalente.

d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.

g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

h) Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

6. Presentación de instancias:

6.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo I das presentes bases, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Sarria, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. **Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>**

6.2. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 3 ou titulación equivalente.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

6.3. Xustificante do pagamento de dereito a exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora, que ascende á cantidade de **18,00 euros**, e que deberá ingresarse no seguinte número de conta do Concello: ES4320800143363110000018.

7. Admisión das persoas aspirantes:

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **3 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

8. Tribunal:

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorran aquelas circunstancias.

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

9. Procedemento de selección:

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición.

9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> en consonancia coas presentes bases.

1º) Exercicio tipo test:

O exercicio consistirá nunha proba tipo test de 40 preguntas referentes ao temario do Anexo II, con 3 respostas alternativas, das cales, soamente unha será correcta. A maiores, o tribunal establecerá 3 preguntas de reserva, as cales serán valoradas polo seu orde unicamente no caso de ser anulada algunha das preguntas principais.

A puntuación total da proba será de 20 puntos, debendo acadar os aspirantes un mínimo de 10 puntos para superala, quedando eliminados os aspirantes cunha puntuación inferior. Cada resposta correcta será valorada con 0,50 puntos; cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos; as preguntas en branco non serán valoradas nin restarán puntos.

Haberá, como mínimo 1 pregunta correspondente a cada un dos temas comprendidos no temario do anexo II das presentes bases, establecéndose o resto de preguntas a elección do tribunal.

Os aspirantes disporán de **45 minutos** para a realización do exercicio.

2º) Exercicio práctico:

Consistirá na realización dunha proba práctica referente ás funcións propias dun operario de mantemento electromecánico relacionadas no punto 2 das presentes bases, en relación co temario específico do Anexo II, composta por unha ou varias accións, segundo determinen os membros do tribunal.

Cada aspirante será chamado, de xeito individual e por orde alfabética, para a realización da proba, que será a mesma para todos. O resto de aspirantes deberán esperar no lugar que lles sexa indicado co fin de que non visualicen a actuación dos seus compañeiros e obteñan unha vantaxe.

Se algún aspirante abandona o lugar de espera indicado polos membros do tribunal será eliminado do proceso selectivo, deixando constancia en acta por parte do tribunal.

A duración da actuación de cada aspirante na proba práctica non exderá **de 20 minutos**.

